

RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE UTILIZACIÓN DE ESPAZOS NO CENTRO DE INVESTIGACIÓN TECNOLÓXICO INDUSTRIAL (MTI) 2014

En reunión da Comisión de Investigación de 28 de maio de 2014 aprobouse a convocatoria de utilización de espazos no Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial (MTI). Publicada a mesma e transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, recibíronse 14 solicitudes.

A convocatoria establecía os seguintes criterios de concesión:

Requisitos mínimos:

- Ser un grupo de investigación do ámbito tecnolóxico rexistrado no SUXI-XC, que cumpra os requisitos indicados no apartado 1.1.a. da “Normativa de grupos, agrupacións e centros singulares de investigación da Universidade de Vigo”, dispoñible en http://uvigo.es/uvigo_gl/investigacion/normativa/imasd.html.
- Ter unha traxectoria continuada de actividade de I+D+i no eido das tecnoloxías e procesos industriais e ter necesidade demostrable do tipo de espazo proporcionado polo MTI.

Indicadores para avaliación e selección:

- Consideración do grupo durante o ano 2013 de Grupo de Referencia Competitiva ou Grupo de Potencial Crecemento pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia
- Desfrute polo grupo dunha axuda “Contrato-programa con grupos de investigación” da convocatoria de Axudas á investigación 2013 da Universidade de Vigo
- Produción de investigación e Produción de transferencia recente dos membros do grupo
- Sexenios dos membros do grupo
- Proxectos de investigación ou contratos de I+D vixentes no eido da produción industrial
- Valor engadido para a investigación do grupo que se desprende do uso do espazo solicitado

Indicábase tamén na convocatoria que para a avaliación poderíase ter en conta a produtividade do grupo (relación méritos/tamaño do grupo).

Así mesmo, e tal como estaba previsto na convocatoria, solicitouse á Dirección do MTI a elaboración dun informe técnico relativo ás solicitudes presentadas. O devandito informe inclúese no **Anexo I**.

Unha vez recompilados os datos necesarios sobre a actividade dos grupos, e solicitado informe á Dirección do MTI, a Comisión de Investigación, en reunión de 8 de setembro de

2014 acordou, en primeiro lugar, establecer unha orde de prelación dos grupos solicitantes en base á valoración de méritos, tendo en conta:

- Produción de transferencia do período 2009-2012 (PT), máximo 35 puntos
- Produción de investigación do período 2009-2012 (PI), máximo 25 puntos
- Sexenios dos membros do grupo (SX), máximo 21 puntos
- Grupo de referencia competitiva (RC), máximo 10 puntos
- Grupo de Potencial Crecemento (PC), máximo 6 puntos
- Contrato-programa de Universidade de Vigo (CP), máximo 3 puntos

En cada un dos apartados indicados, a puntuación normalizouse con respecto á máxima obtida entre os grupos solicitantes, dacordo cos máximos valores indicados.

A suma das puntuacións obtidas nos 6 apartados anteriores (PT, PI, SX, RC, PC y CP) modificáronse en función do número de doutores (D) de cada grupo pertencente ás categorías de catedrático/a e titular de universidade, catedrático/a e titular de escola universitaria, profesor/a contratado/a doutor/a (incluídos interinos), ou persoal investigador contratado a cargo dos programas Isidro Parga Pondal ou Ramón y Cajal. A puntuación total obtívose segundo a seguinte expresión:

$$TOTAL = 0.5 * (PT + PI + SX + RC + PC + CP) + 0.5 * \left(\frac{PT + PI + SX + RC + PC + CP}{D} \right)$$

As puntuacións obtidas polos solicitantes indícanse no **Anexo II**.

Tendo en conta os espazos solicitados, a orde de prelación e o informe técnico da Dirección do MTI, a Comisión acordou conceder aos solicitantes a utilización dos espazos que se relacionan no **Anexo III**.

No caso do grupo dirixido por D. Pedro Arias Sánchez, acordouse adiar a consideración da solicitude ata que sexan acometidas as reformas necesarias para que se poida dispoñer dun espazo coas características requiridas. No caso da solicitude presentada por D. José Durany Castrillo, D. Jacobo de Uña Álvarez e D. Eduardo Godoy Malvar, acordouse que a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia faría as xestións para tentar de proporcionar un espazo axeitado para a súa utilización como sede administrativa do Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI) nalgunha das instalacións da Universidade.

A Comisión de Investigación acorda establecer un prazo de 10 días naturais a partir do seguinte á publicación da presente resolución para a presentación de alegacións. As alegacións deberán dirixirse, a través de calquera dos Rexistros da Universidade de Vigo, á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

Vigo, 10 de setembro de 2014



María Asunción Longo González

Vicerreitora de Investigación e Transferencia